

01

Pablo García Martínez, *Alguén virá... Romanticismo, memoria e revolución na literatura de Luís Seoane*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 2023, 123 páxinas.

Jorge Carril Espido  
Universidade da Coruña

Orcid 0009-0003-2178-035X. jorge.carril.espido@udc.es. Universidade da Coruña. España.

A pesar de ser, sen lugar a dúbidas, o intelectual galego máis internacional do século XX, o certo é que a figura de Luís Seoane López (Bos Aires, 1910- A Coruña, 1979) aínda segue a ser descoñecida en moitos aspectos na súa Galicia natal, a que dedicou toda a súa inxente obra, unha das máis creativas e valiosas da cultura galega do pasado século XX. Neste sentido, o investigador que máis se ten esforzado por encher eses baleiros sobre o coñecemento da obra plural do creador coruñés é Pablo García Martínez (Arzúa, 1985), quen, alén do libro obxecto desta recensión, ten dedicado máis obras á figura do autor d'A *Soldadeira*, como a monografía *Un largo puente de papel. Cultura impresa y humanismo antifascista en el exilio de Luís Seoane* (CSIC, 2021) ou a edición do *Teatro* de Luís Seoane (Renacimiento, 2021). Así, pódese afirmar que este investigador posdoutoral da Universidade de Santiago é hoxe unha das voces de referencia no estudo dun autor fundamental da nosa literatura, cuxa obra, pese a ter sido obxecto dun proceso de apropiación, tal e como indica o autor no libro, continúa estando vixente na actualidade, polo que resulta necesario rescatar o labor deste incansable loitador pola dignidade da nosa cultura para facer de Galicia “un lugar máis xusto, democrático, coidadoso das súas historias e animado na ollada cara a futuros mellores” (p. 19).

O libro, que vai precedido por un limiar do profesor e teórico literario Antón Figueroa, comeza co capítulo que leva por título “Introdución: algúns marcos de lectura”, en que PGM explica a estrutura en que organiza a súa obra e propón unha lectura dela. O autor de Arzúa comeza falando da súa visita no outono de 2018 “á máis persoal intervención na vida cultural galega realizada por Luís Seoane López: o Museo Carlos Maside” (p. 17). Nestas primeiras páxinas, García Martínez denuncia o estado de abandono do museo e das obras nel conservadas, alén de criticar tamén o incumprimento dos principios fundacionais do Museo Carlos Maside por parte da directiva de Sargadelos instalada despois do desaloxo de Isaac Díaz Pardo, até o extremo de chegar a pechar o Museo ao público. Así, fronte ao desleixo e o esquecemento do labor de Seoane por parte da directiva de Sargadelos, Pablo García Martínez propón nesta obra unha mirada totalmente distinta; fronte á desidia e a inacción, o autor de Arzúa decide “escribir este libro coa esperanza de que sexa un chanzo máis cara á interrupción dunha de tantas inxustizas que nos quedan por atender” (p. 19).

Unha vez presentados os marcos de lectura, a obra comeza co primeiro dos tres capítulos propiamente ditos que a compoñen, que leva por título “Un fío posible: Luís Seoane, romántico”. Nel Pablo García Martínez intéresase por unha cuestión que xa ten chamado a atención doutros investigadores, como Charo Portela Yáñez, como é a fixación de Seoane por un pasado afastado, especialmente polo período medieval. Porén, o autor propón unha lectura desta fixación desde unha perspectiva totalmente nova. Desta forma, PGM compara a fixación de Seoane polo pasado medieval galego coa dos románticos europeos de finais do século XVIII e comezos do XIX, que tamén volvían os ollos a un pasado idealizado para sobrevivir a un presente hostil e proxectar un futuro mellor. Así, neste capítulo ponse de manifesto a importancia da visión romántica de Galicia creada por Benito Vicetto, o gran creador dos mitos da historiografía galega. De acordo con isto, durante o seu exilio bonaerense, e especialmente na década de 50, Seoane levará a cabo un proceso de refacción do legado medieval, centrándose sempre nas loitas populares de finais da Idade Media (recuperando así o mito dos Irmandiños e do seu líder Roi Xordo), en consonancia sempre coa liña político-cultural defendida até entón polo arxentino-galego. Ademais, a partir da interpretación que realiza Seoane da figura de Vicetto, o autor sinala dous elementos fundamentais do medievalismo do creador coruñés: a valoración positiva da violencia como medio para a interrupción das inxustizas, como queda ben patente no libro de relatos *Tres hojas de ruda y un ajo verde o las narraciones de un vagabundo*, e, en segundo lugar, a mitificación do líder da primeira revolta irmandiña, o fidalgo Roi Xordo, que aparece en dúas das obras máis importantes para comprender o medievalismo de Seoane, como son *María Pita e tres retratos medievales* (1944) e, sobre todo, *A soldadeira* (1957).

Para concluír o primeiro capítulo do libro, en que o autor analiza con grande acerto a relación de Seoane co Romanticismo en tanto que movemento de revolta contra a civilización industrial/ capitalista en nome de valores premodernos (p. 42), Pablo García Martínez céntrase nas tres modalidades de xiro cara ao pasado

na obra plural de Seoane. En relación con isto, a primeira forma deste xiro ao pasado é a construción dunha iconografía do dito pasado, unha iconografía que no caso do creador coruñés estivo baseada nas prácticas colaborativas habituais no rural galego, que el coñeceu durante a súa estadía na parroquia de Arca. Moi relacionado co anterior está a segunda das modalidades: o regreso a técnicas tradicionais, que son resignificadas ao poñelas en diálogo coa arte moderna. Algunhas destas técnicas son a serigrafía, utilizada por Seoane nas capas da súa revista *Galicia emigrante*, ou o estarcido, unha técnica milenaria que Seoane recupera e pon en diálogo coas novas linguaxes da arte moderna, logrando un resultado moi persoal, que tivo éxito no mundo da arte do seu tempo, como proba que as súas composicións fosen adquiridas por museos tan importantes como o Museum of Modern Art (MoMa) ou o Metropolitan Museum of Art (MET). Por último, Pablo García Martínez sinala no final deste capítulo a terceira modalidade: a mirada ao pasado para buscar loitas perdidas que deben ser recuperadas para conseguir os futuros soñados por tantas mulleres e homes como Seoane. Ademais, PGM explica tamén a necesidade que tiña Seoane de elaborar unha historia de Galicia, sempre co pobo galego como protagonista. Para comprender mellor a visión histórica do creador coruñés o autor estuda e analiza a “Adicatoria e crida” de *Fardel de eisiliado* e as 18 xerras cerámicas sobre personaxes medievais realizadas durante a súa estadía na casa dos Arias-Díaz Pardo, unhas xerras que dan pé ao investigador de Arzúa a terminar o capítulo falando da faceta de ceramista de Seoane, outro elo pendente para comprender a súa obra plural.

O segundo capítulo do libro, que leva por título “Un momento de perigo: 1956-1958”, céntrase nas dificultades sufridas polos exiliados galegos para integrarse no novo discurso da cultura galega, pois a diferenza do que sucedeu con intelectuais e creadores doutros lugares de Europa, como os italianos e alemáns que puideron regresar aos seus países tras a fin da Segunda Guerra Mundial, os membros do exilio republicano galego e español viron con impotencia a aceptación internacional do réxime de Franco. Este momento de perigo a que fai referencia García Martínez denomínoo “desaloxo da historia”, un momento en que os exiliados e exiliadas galegas se converteron nun “corpo estraño, incómodo, que recordaba constantemente a persistencia da guerra” (p. 59). De acordo con isto, o grupo de intelectuais artellados arredor da proteica figura de Seoane e a súa revista *Galicia emigrante* non conseguirá encontrar o seu lugar no novo panorama da cultura galega, marcado pola irrupción do denominado galeguismo cultural coa fundación da Editorial Galaxia liderada pola figura de Ramón Piñeiro, ben como a aparición de novos autores e autoras premiados nas Festas Minervais, como Méndez Ferrín, Xohana Torres, Franco Grande ou Bernardino Graña. A década de 50 será pois un momento crucial e perigoso para Seoane e os seus compañeiros de exilio, que non puideron cumprir a súa vontade de se incorporaren a ese rexurdir da vida cultural e literaria galega, xerándose unha situación de bloqueo das súas relacións cos galeguistas da Galicia interior.

Para comprender mellor esta situación, o autor comeza por estudar un feito clave, que marcou o inicio dese momento de perigo para o grupo de intelectuais exiliados integrados no proxecto de *Galicia emigrante*, o inicio da ruptura entre os dous grupos da resistencia galeguista: o Congreso da Emigración Galega de 1956, que tivo lugar en xullo de 1956, coincidindo co centenario do Banquete de Conxo. A través da análise do epistolario entre Seoane e galeguistas do interior como Francisco Fernández del Riego e, sobre todo, con Ramón Piñeiro, con quen mantivo unha tensa relación epistolar, PGM realiza unha cronoloxía das desavinzas entre o grupo de Galaxia e a AGUEA, a “Asociación Gallega de Universitarios, Escritores y Artistas”. Nesta asociación figuraban nomes tan importantes para a cultura galega do exilio como Eduardo Blanco-Amor, Rafael Dieste, Xavier Bóveda, José Núñez Búa, Vicente Gómez Paratcha, Antonio Baltar ou o propio Luís Seoane. Alén diso, a AGUEA defendía todo un proxecto para galeguizar as novas xeracións, un proxecto que non se podía levar a cabo na Galicia sometida polo franquismo e que, se ben non chegou a se materializar, si que fixo parte do seu traballo, como proban os cursos de “Iniciación Cultural Gallega”.

Por suposto, para entender este momento crucial para a historia intelectual do galeguismo, é necesario ter en conta o contexto da Guerra Fría en que ten lugar. Así, as lecturas que fan os dous principais grupos do galeguismo deste contexto son completamente distintas: mentres que os membros da AGUEA son identificados como un grupo filocomunista, tal e como se di no “Informe do galeguismo do interior”, o grupo de Galaxia defendía unha resistencia cultural sempre nos marcos permitidos polo franquismo e cun carácter marcadamente anticomunista. Proba desta toma de postura dos membros do grupo Galaxia é que varios dos seus membros máis destacados, como Ramón Piñeiro ou Domingo García Sabell, terminarían sendo membros do “Congreso por la Libertad de la Cultura” financiado pola CIA. Esta posición antagónica dos dous grupos galeguistas no contexto da Guerra Fría explica feitos como a fría recepción do presidente da AGUEA Antonio Baltar na súa visita a Galicia ou o tenso intercambio epistolar entre Seoane e Piñeiro por volta de 1958, un encontrón debido á lectura que o de Láncara fai da peza teatral *A soldadeira*, que demostra que os dous intelectuais tiñan unha visión oposta da relación entre arte e sociedade.

O terceiro e último capítulo do libro, “Alguén virá”, establece un diálogo entre os textos escritos por Seoane nese momento de perigo que foron para el os últimos anos cincuenta, fundamentalmente o poemario *As cicatrices* (1959) e, sobre todo, a peza teatral *A Soldadeira* (1958), e as *Teses sobre a filosofía da historia* de Walter Benjamin, un dos principais representantes do romanticismo revolucionario e marxista do século XX. Desde este diálogo coa obra de Benjamin, PGM explica aspectos como a louvanza que fai Seoane da figura do guerrilleiro ou maquis, como a mítica Manuela Sánchez, unha louvanza que tamén farán os seus compañeiros de exilio Lorenzo Varela e Ramón de Valenzuela, nas súas obras *Lonxe* e *Non agardarei por ninguén*, respectivamente. Especial importancia ten a figura do cronista profético, que Seoane vai encarnar na soldadeira, figura sacrílega da tradición literaria galega. É de salientar o acerto do autor á hora de relacionar os textos escritos en dous momentos de crise por dous autores moi distintos, mais educados os dous no mesmo romanticismo revolucionario da Europa de entreguerras. Así, as principais homoloxías que establece PGM entre as teses de Benjamin e o pensamento de Seoane son a visión da tradición como un elemento pendente de ser rescatado en cada presente, pois nin sequera os mortos estarán a salvo do inimigo se vence, ou a artificialidade do pasado. Tamén sinala o autor a importancia da temporalidade aberta, de que *A Soldadeira* é bo exemplo, pois nesta obra a cronista profética Minia e o Cego móvense por riba das fronteiras temporais para establecer unha unión entre os campesiños da Primeira Guerra Irmandiña e os da Galicia franquista.

Por último, a obra conclúe cunhas breves mais necesarias reflexións finais, precedidas por unha carta enviada por Seoane a Julio Payró (epístola que resume moi ben a experiencia do bordo en que viviu sempre Seoane, sen chegar a pertencer de todo nin a un *aquí* nin a un *alí*). Nesas reflexións PGM reivindica a Seoane como o intelectual galego máis internacional do século XX, relacionado coa intelectualidade de Bos Aires e influenciado pola obra de artistas europeos da talla de Max Ernst, Jacques Villon, George Grosz e, sobre todo, Paul Klee. Para concluír, PGM termina cunha reflexión sobre a vixencia do pensamento e do legado de Seoane na actualidade, criticando máis unha vez a situación do Museo Carlos Maside e conectando co momento presente, en que tamén estamos a vivir un “momento de perigo”, un cambio de era acelerado tras a pandemia, un mundo de incertezas que non consegue crear un discurso que faga crer no futuro ás novas xeracións.

En conclusión, *Alguén virá... Romanticismo, memoria e revolución na literatura de Luís Seoane* é un libro imprescindible para comprender a obra plural de Luís Seoane, o intelectual galego máis internacional do século XX. Con esta obra, Pablo García Martínez permite coñecer mellor a figura do creador coruñés, poñéndoa en diálogo coa doutros intelectuais europeos da magnitude de Walter Benjamin. Alén diso, neste libro tamén se realiza un atinado estudo dese momento de perigo que foron para Seoane os finais anos cincuenta, onde tivo lugar o seu desaloxo do presente, un desaloxo que aínda hoxe pervive en boa medida e que é necesario emendar para facerlle xustiza a unha das figuras máis importantes e comprometidas da cultura galega do século XX.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

## Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,  
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística  
e Literaria Galega)

### Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)  
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

### Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade da Coruña (España)

### Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)  
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)  
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)  
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)  
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)  
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)  
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

### Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)  
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)  
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)  
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)  
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)  
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)  
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)  
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)  
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)  
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)  
María Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes  
e Alto Douro (Portugal)

### Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)  
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)  
Ângela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)  
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)  
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)  
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)  
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)  
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)  
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)  
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)  
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)  
María Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)  
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)  
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)  
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)  
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)  
Marta Segarra, CNRS (Franza) / Universitat de Barcelona (España)  
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)  
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)  
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)  
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)  
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

### Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)  
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)  
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,  
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000  
ISSN/ 1576-2661  
ISSN-e 2444-9121  
Deseño/ Novagarda